CA1.2 - Describir as sensacións que xera a música e a súa posible vinculación coas características da obra e o contexto en que foi creada, reflexionando e extraendo conclusións sobre aspectos subxectivos inherentes á escoita musical.	Coñecer as características das obras musicais propostas realizando unha escoita activa.	PE	8
CA2.2 - Executar fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, de forma individual ou colectiva, a través da voz, do corpo ou de instrumentos musicais, atendendo ás indicacións da partitura	Interpretar individual e en grupo a través da voz e dos instrumentos musicais atendendo á partitura os elementos musicais impartidos na unidade	TI	92
CA2.3 - Desenvolver habilidades técnicas para a interpretación vocal, instrumental e coreográfica, utilizando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe e aplicando estratexias de memorización musical.	Coñecer a técnica na interpretación instrumental, mostrando esforzo nos ensaios, e valorando a memorización e concentración.		
CA2.4 - Xerar ideas musicais ou coreográficas sinxelas, utilizando diferentes instrumentos, a voz ou o corpo, en improvisacións libres ou dirixidas.	Utilizar o corpo e os instrumentos musicais para crear improvisando esquemas rítmicos ou melódicos sinxelos.		
CA2.5 - Planificar e desenvolver proxectos musicais colaborativos con base en materiais coñecidos ou novos e nos coñecementos adquiridos, asumindo diferentes funcións en todas as fases do proxecto con participación activa, valorando as achegas de todos os integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na planificación e desenvolvemento dun proxecto escénico asumindo o seu rol e respectando as achegas dos integrantes do grupo.		
CA2.6 - Desenvolver proxectos musicais, poñendo en práctica as aprendizaxes adquiridas e utilizando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.	Utilizar ferramentas de edición de partituras nas actividades de creación.		
CA2.7 - Difundir producións musicais e audiovisuais a través de plataformas dixitais, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	Realizar colaborativamente unha produción musical audiovisual e difundila en contornas seguras reflexionando sobre o respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Interpretar un repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas interpretación.	Aprender o repertorio seleccionado mantendo unha escoita activa, as destrezas técnicas axeitadas e seguir as indicacións e xestos da dirección, desenvolvendo o rol adecuado en cada obra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Signos de representación musical dos parámetros do son. - A harmonía: o fenómeno físico harmónico; círculo de quintas; principais funcións harmónicas na tonalidade; acordes; ligazóns e cadencias; modulacións e progresións tonais con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo. - Elementos expresivos da música: dinámica, agóxica e articulación; indicacións e termos. - Os elementos musicais (rítmicos, melódicos, harmónicos, formais, tímbricos) na tradición musical occidental, no folclore e nas músicas populares urbanas. - A música como forma de expresión. Escoita activa de obras musicais ou fragmentos, e descrición e análise das emocións e sensacións. Vinculación ao contexto de creación e ao momento presente. - Lectura e execución instrumental e vogal <i>¿a primeira vista e preparada¿</i>, interiorización e memorización de estruturas musicais sinxelas rítmicas e melódicas, en fragmentos breves e clave de Sol. Compases simples, compostos, mixtos e amálgama. Ritmos irreg - Identificación auditiva do pulso binario e ternario, dos acentos dos compases binarios, ternarios e cuaternarios e de cambios sinxelos de compás en fragmentos breves. - Interpretación consciente vogal ou instrumental de grafías relativas ás indicacións básicas de articulación, dinámica e agóxica. - Técnicas de interpretación a través da voz, do corpo, dos instrumentos musicais <i>¿Orff ou outros obxectos de son¿</i> de fragmentos sinxelos, con ou sen acompañamento instrumental, atendendo ás indicacións da partitura. - O ensaio, elemento de aprendizaxe e perfeccionamento nas actividades interpretativas. - Técnicas de memorización nas actividades interpretativas musicais e coreográficas. - Estratexias e técnicas de improvisación sobre esquemas rítmico-melódicos e harmónicos establecidos ou libres adaptados ao nivel. - Práctica auditiva ou interpretativa <i>¿instrumental e vogal¿</i> de estruturas tonais e modais. Estructuras melódicas e harmónicas sinxelas. Intervalos harmónicos e melódicos, simples e compostos. - Creación de ideas musicais e coreográficas sinxelas a través dos instrumentos musicais, do corpo ou a danza en actividades de imitación e de improvisación, libres ou dirixidas. - Creación, planificación, desenvolvemento e participación en traballos musicais colaborativos, con base nos coñecementos adquiridos. Asunción de responsabilidades en todas as fases do proxecto, compromiso co rol asignado dentro do grupo e con respecto ás a - Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre. - Difusión de producións musicais e audiovisuais en plataformas dixitais: protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría. - Interpretación vocal ou instrumental (instrumentos Orff ou outros obxectos de son etc.) en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, de memoria ou con partitura, dun repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas a

4.1. Concrecións metodolóxicas

As ensinanzas musicais no bacharelato, igual que na Educación Secundaria Obrigatoria, deben partir de dous peares metodolóxicos fundamentais: a expresión e a audición musical. Desta maneira poderanse comprender, analizar, assimilar e relacionalos contidos propostos.

Teranse sempre en conta os coñecementos previos do alumno e o seu grao de madurez, propiciando a participación e o traballo persoal a través do descubrimento.

Motivarase e estimularase ó alumno para desenvolver as súas capacidades, inducéndolle a observación que favorece o descubrimento e a creatividade: faranse así preguntas sobre audicións e partituras, e crearanse actividades instrumentais, vocais e de danza.

Utilizaranse sempre variados procedementos: canto, instrumentación, coordinación do movemento, expresión rítmica, vídeos, audicións activas, comentarios de textos e partituras, escritura e lectura musical, improvisación melódica, rítmica e psicomotriz, elaboración de mapas conceptuais, ...

Favoreceranse as actividades musicais tamén fóra do instituto: concertos didácticos, participación en agrupacións musicais, ...

Reflectirase o respecto ás manifestacións individuais tanto nos alumnos como no docente cando se expresen, comenten ou critiquen as actividades artístico-musicais, sempre con espírito aberto e constructivo. Fomentarse así a liberdade, dentro dun plantexamento de grupo de traballo onde o respecto mutuo e o silencio deben reinar na aula.

A experiencia da música debe levarnos á aprendizaxe tamén de actitudes e conceptos.

Dado o carácter práctico e vivencial da música traballarase fundamentalmente cos contidos procedimentais. Por iso, as unidades didácticas propostas nesta programación seguen a mesma estrutura e planificación nos tres trimestres, sendo a maior parte de contidos acumulativos, para afianzalos ao longo do curso mediante a práctica. En cada trimestre traballaremos unha parte teórica e de linguaxe musical, na que abrangueremos os contidos máis salientables que permitan unha comprensión xeral e contextualizada no tempo da linguaxe musical. Unha parte práctica de desenvolvemento das técnicas e destrezas interpretativas tanto no eido da improvisación, como da creación, ou da interpretación instrumental, vocal e dancística. Outra de repertorio de distintos estilos e épocas que facilitará ao alumnado a adquisición dos obxectivos e a aprendizaxe significativa dos contidos.

O aprendizaxe debe ser funcional non só na aplicación práctica dos coñecementos senón tamén no desenvolvemento de habilidades e estratexias de planificación da propia aprendizaxe, é dicir,

as de "aprender a aprender".

Tamén se favorecerá a interdisciplinabilidade, favorecendo actividades con outras áreas: Ciencias Sociais, Educación Física, Idiomas, ...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Flautas e dotación de instrumental Orff da aula (xilófonos, metalófonos, carillones, pequena percusión).
Manual de flauta "Step by step" de editorial Fuzeau.
Manual de flauta "Step by step" volume 2, editorial Fuzeau.

Jazz para flauta, editorial Fuzeau.
Apps e programas informáticos: Muscores, audacity, garageband, music maker jam, ireal, music studi lite, loopstation.
Atlas de Música 1 e 2, Alianza Editoria.
Colección editorial Akal.
La forma musical 1 y 2 Editorial Fuzeau.
Historia del Jazz, editorial Fuzeau.
Temes, José Luís. Tratado de Solfeo Contemporáneo (En aberto na súa web)

Entre o material didáctico utilizado máis habitualmente no nivel de Bacharelato podemos destacar:

- A editorial Fuzeau proporciona moitos manuais para a práctica de flauta con acompañamento instrumental.
- A aula dispón dun ficheiro con gran variedade de partituras con acompañamento instrumental para a práctica con frauta e instrumentos Orff. As partituras, de distintos estilos, están extraídas de internet, e algunhas de libros de texto (especialmente Galinova, Santillana), cancioneros, libros de partituras.
- Textos: extraídos de manuais como *¿Historia de la música Occidental¿*, de Grout y Palisca, ademias da gran variedade de libros de texto.
- Na colección de Akal, inclúe "Primeros ejercicios musicales", "Instrumentos de la orquesta" e "Forma e diseño".
- Instrumentos: Instrumentos Orff, guitarra, teclado, flautas.
- Discografía máis utilizada: ademais da búsqueda en internet, son de uso habitual a colección de *¿Los grandes compositores¿* da editorial Salvat.
- Outros: proxector, DVDs de temática variada (compositores, luthiers).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial na materia de Linguaxe e práctica musical de 1º de Bacharelato terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado da etapa anterior.

Nas primeiras unidades, Linguaxe Musical 1 e Práctica Musical 1 faremos un repaso dos contidos de linguaxe musical, de lectura de partituras, das destrezas auditivas e da práctica instrumental e vocal. Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas na etapa anterior

1. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.
2. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que reconece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma.
3. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical.
4. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será executada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, así como outros instrumentos que consideremos idóneos. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices

aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso e á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada, ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	24	10	23	10	23	10	100
Proba escrita	80	12	78	10	78	8	58
Táboa de indicadores	20	88	22	90	22	92	42

Criterios de cualificación:

A avaliación é un proceso continuo que abarcará as fases trimestrais e a marcha do alumno ó longo do curso.

Buscarase unha media na nota da avaliación e na nota global da cada alumno, téndose en conta o seguinte:

- os exames e probas teóricas contarán un 60% da nota final.
- as probas das cancións preparadas na clase, así como probas de solfexo feitas na clase contarán un 40% da nota, incluíndo a actitude.

O departamento aclara que se terá en conta estas porcentaxes sempre que o alumno chegue a un 3 sobre 10 de nota tanto nas probas teóricas coma na avaliación das actividades de práctica instrumental e solfexo. Así, por exemplo, se o alumno acada boa nota, un 8 ou un 9 de media, nos exames de práctica musical, pero non acada un tres de media nos exames teóricos, o departamento considera que dito alumno non aprobará a avaliación. O mesmo pode ocorrer se o alumno acada unha nota moi baixa (menor a 3) na práctica musical.

En 1º de bacharelato, ao ser unha materia moi práctica, o departamento considera que o alumno que abandone a parte de práctica instrumental e/ou solfexo, non poderá aprobar a asignatura, aínda que teña aprobada a parte teórica. Deberá modificar a súa actitude, e practicar na clase coa frauta as cancións que se traballen, así como os exercicios de solfeo.

No caso de que un alumno/a de Bacharelato faltase de maneira inxustificada ao 10% das horas lectivas dunha materia, os criterios de avaliación non se lle poderán aplicar integramente, polo que o profesorado poderá recurrir a un sistema extraordinario de avaliación. Neste caso, o alumno/a terá dereito unicamente a unha proba especial final previa á avaliación ordinaria. O titor/a e o profesor/a da materia afectada, en canto o alumno supere o 10% das faltas inxustificadas permitidas, decidirán se modifican o sistema de avaliación.

O punto 2, apartado 4 do protocolo de absentismo, enumera as faltas de asistencia xustificables. En caso de faltas de asistencia non contempladas no devandito apartado, as faltas consideraranse non xustificables.

Tendo en conta que o curso escolar ten aproximadamente 34 semanas en 1º BAC, e 30 semanas en 2º BAC, o número máximo de faltas inxustificadas, que dependerá do curso e da carga horaria da materia, detállase na seguinte táboa:

H o r a s	s e m a n a i s	d a	B	m a t e r i a	A	C
1						
2º BAC						
M a t e r i a s	d e	1	f	h o r a	s e m a n a	l
4				a	t	s
3 faltas						
M a t e r i a s	d e	2	f	h o r a s	s e m a n a	i s
8				a	t	s
6 faltas						
M a t e r i a s	d e	3	f	h o r a s	s e m a n a	i s
1	1			a	t	s

Crterios de recuperación:

As posibilidades de recuperación do alumno ó longo do curso serán sempre constantes, facilitándolles a eles mesmos a información do seu progreso e incentivándolles a súa responsabilidade.

Tal e como dita a Orde do 25 de xaneiro de 2022, ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se fora o caso.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Por todo isto, modifícanse os criterios de cualificación quedando do seguinte modo:

a) En caso de ter superada a materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado recibirá actividades de ampliación que serán valoradas da seguinte forma na cualificación definitiva da avaliación ordinaria:

As actividades de repaso e ampliación para os alumnos coas tres avaliacións parciais aprobadas valoraranse ata un 5%

b) En caso de non ter acadados os contidos mínimos da materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado realizará actividades de recuperación que serán valoradas da seguinte forma na cualificación definitiva da avaliación ordinaria:

O alumnado coas tres avaliacións non aprobadas, fará traballo de repaso na clase para intentar susperar as recuperacións correspondentes (mediante exame escrito e práctico), que se valorarán da seguinte maneira:

- Recuperacións da parte práctica da materia: 40% da nota.
- Recuperacións da parte teórica da materia: 60% da nota.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a materia pendente de Linguaxe e Práctica Musical o alumnado desenvolverá ao longo dos trimestres unhas actividades de recuperación que corresponderán cos bloques de contidos teóricos e prácticos da materia e responderán aos contidos da programación:

Contidos teóricos: exercicios escritos de linguaxe musical, de escoita activa e análise reflexiva e comentada de audicións e partituras.

Contidos prácticos de lectura rítmica, melódica e interpretación musical: práctica da lectura rítmico-melódica de exercicios sinxelos estudados previamente ou a primeira vista que conteñan as células rítmicas do curso e en clave de Sol, coa tesitura establecida no curso. Estudo individual das pezas de interpretación instrumental e práctica interpretativa con acompañamento gravado "play alone".

O alumnado realizará trimestralmente unhas probas parciais que avalíen os contidos tanto teóricos como prácticos. Estes serán avaliados cos mesmos criterios de cualificación que para o alumnado que cursa a materia por primeira vez. Son os seguintes:

- Proba teórica escrita: 60%. Todas estas tarefas de avaliación estarán axustadas aos contidos da programación.

- Parte práctica: 40%. Traballo regular nas tarefas de recuperación mensual ou trimestral e as actividades de interpretación musical. Esta parte avaliarase mediante a observación sistemática nas sesións fixadas polo departamento.

No caso das probas de interpretación, o alumnado deberá demostrar que sabe completa a súa parte de interpretación da obra/s de avaliación.

Se o alumnado supera todas as probas trimestrais cunha cualificación mínima de 5 recuperará a materia pendente. A nota da avaliación ordinaria será a media dos tres trimestres. No caso de que non superase as probas de avaliación trimestral, poderá realizar unha proba global que terá a mesma estrutura que as trimestrais e que abranguerá todos os contidos do curso, tanto teóricos como prácticos.

Para facer un seguimento do alumnado coa materia pendente fixarase un recreo semanal onde o alumnado poderá acudir a preguntar dúbidas. Nestas sesións entregarase o material de apoio para preparar a materia, pistas de audio para aprender as pezas, apuntamentos da parte teórica, así como soporte audiovisual a ditos contidos.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos de clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio axeitado a este alumnado, é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da materia cústalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo, algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - 1.	X		X		X	
ET.2 - 2. Creatividade		X		X		X
ET.3 - 3. Autonomía	X	X	X	X	X	X
ET.4 - 4. Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X		X		X
ET.5 - 5. Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.6 - 6. Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X		X		X	
ET.7 - 7. Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - 8. Expresión oral e escrita	X		X		X	

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente nas unidades 1, 3 e 5 a través dos textos para aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase nas unidades 2, 4 e 6 a través da interpretación musical, composición de exercicios de movementos e percusión corporal, improvisación...
- Autonomía: traballarase practicamente en todas as unidades a través de actividades de improvisación, e creación e participación nos proxectos de interpretación musical, escénica, dancísticos audiovisuais en grupo.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: unidades 2, 4 e 6 en actividades que implican traballo grupal e controlar o noso propio rol dentro do grupo.
- Igualdade entre sexos: practicamente en todas as unidades. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 1, 3 e 5. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable.
- Respeto mutuo: estará presente en todas as unidades, nas actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: unidade 1,3 e 5, a través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral da análise de audicións e partituras.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Concertos do alumnado	Interpretación pública, en formación orquestral ou vocal grupal con/sin acompañamento musical, cara o final dos trimestres ou nas datas de conmemoración seleccionadas.
Actuacións escénicas e dancísticas	Interpretación pública de montaxes escénicas e dancísticas cara o final dos trimestres ou nas datas conmemorativas seleccionadas.
Charlas e conferencias didácticas	Asistencia como público a charlas ou conferencias didácticas de interese musical para o alumnado.

Observacións:

Este departamento ten moito interese en promocionar a participación dos alumnos nas actividades musicais fóra e dentro do instituto, aproveitando sempre os concertos didácticos que se ofrezan en zonas cercanas, as visitas a exposicións relacionadas coa música, a participación en distintas agrupación musicais..., fomentando así uns hábitos culturais para o futuro.

Os concertos, as charlas e conferencias didácticas impartidas por profesionais da música, da danza ou da pedagogía musical ou dancística poderán ser realizadas tanto no propio centro como en salóns ou auditorios, tanto da contorna como de fóra. Estas actividades dependerán da oferta de particulares ou de institucións públicas ou privadas

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ben ou Acadado
Mal ou Non acadado

Regular ou Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario, ou dunha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: avaliar se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: avaliar se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación, a corrección da temporalización, e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son adecuados e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: se coñecen os obxectivos propostos, se o repertorio e actividades parécenlles adecuados, se coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.

Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores: ben ou acadado, mal ou non acadado, e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de mellora utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior (avaliación do proceso de ensino e práctica docente), valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así, o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento realizarase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados